



Concello de Oza-Cesuras

RESOLUCIÓN DO ALCALDE

ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras o día 14/07 publicou unha nova convocatoria para cubrir os postos que quedaron vacantes na primeira convocatoria do proceso de selección para a contratación laboral temporal de cinco persoas PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, as prazas non cubertas e convocadas novamente foron as de:

- 1 praza de xefe de brigada de vixilancia e defensa contra incendios forestais (Cod. Validación: 9M393R32TJ6QEA7HQRL3GFERL) en en terceira convocatoria
- 2 prazas de peón vixilancia e defensa contra incendios forestais.(Cod. Validación: AYTH2KGLYY4WR5TPAFKC3LF3K)

CONSIDERACIÓNS:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a provisión por concurso en réxime de persoal laboral temporal dun xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns para a creación dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2023, establécese que rematado o prazo de presentación de instancias ditarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, resolución que tamén poderá publicarse na páxina web do concello sen carácter preceptivo, e que deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, que se encargará de levar a cabo o proceso selectivo e o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril.

Por todo isto, esta Alcaldía **RESOLVE:**

PRIMEIRO: Aprobar a listaxe de **admitidos definitivos** no proceso de selección de 1 xefe de brigada de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais:

APELIDOS E NOME	DNI
GUADAÑO RÚA-FIGUEROA MARÍA	***9638**

SEGUNDO: Aprobar a listaxe de **admitidos definitivos** no proceso de selección de 2 peóns





Concello de Oza-Cesuras

de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais:

APELIDOS E NOME	DNI
RODRÍGUEZ DÍAZ JOSÉ MANUEL	***1898**
ESPIÑEIRA CASTRO SAMUEL	***2552**
RAMOS PÉREZ STEVE	***8926**
REGUEIRO NOVO FRANCISCO	***1155**

TERCEIRO: Establecer a composición do tribunal:

Presidenta: Maria Teresa Saavedra Cruz, funcionaria do Concello de Oza-Cesuras.

Secretario: José C. Sánchez Presedo, Secretario-interventor do Concello de Oza-Cesuras, funcionario en quen delegue ou substitúa.

Vogais:

Juan Antonio Sánchez-Tembleque Belinchón, técnico de Distrito Forestal.

María del Carmen Vázquez Juncal, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.

Suplentes:

María Sandra Sánchez Núñez, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.

María Arminda Seoane Barreiro, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras

CUARTO: O tribunal seleccionador deberá constituírse o día **7 de agosto de 2023 ás 9:00** horas na Casa do Concello ao obxecto de levar a cabo a fase de concurso na que se valorarán os servizos prestados á Administración na categoría de peóns formando parte da brigada ou o servizo de prevención e defensa contra incendios forestais de conformidade coa documentación que achegaron os solicitantes ao presentar a solicitude de admisión ás probas.

QUINTO: O mesmo día **7 de agosto de 2023 as 10:00 horas levarase a cabo a proba escrita aos aspirantes anteriormente indicados** que consistirá na realización dun exame teórico tipo test con catro respostas posibles que terá por finalidade avaliar o coñecemento do posto, os coñecementos do territorio así como a dispoñibilidade do aspirante.

Os resultados da citada proba escrita serán publicados no tablón de anuncios do concello e, potestativamente na páxina web municipal, con carácter previo á celebración da entrevista.

- **No mesmo día unha vez sexan publicados as puntuacións da proba escrita realizarase a entrevista aos aspirantes que superen a nota de corte que estableza a comisión seleccionadora na proba anterior** na que se farán preguntas





Concello de Oza-Cesuras

relacionadas coas súa experiencia laboral, interese no posto, capacidade de traballo en equipo, etc...

Os aspirantes deberán acudir provisto do DNI ás probas anteriormente indicadas.

O tribunal seleccionador realiza o chamamento de conformidade co establecido na RESOLUCIÓN de 23 de xaneiro de 2023 da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, iniciándose por aqueles aspirantes dos que o primeiro apelido comeza por “V”.

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica.

O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

